

Moi boas noites.

Alcalde de Pontevedra, cidade que nos acolle e á que temos que agradecer a súa hospitalidade, Conselleiro de Cultura e Turismo, corporación municipal e demais autoridades, académicas e académicos, amigas e amigos, aquí e nas súas casas, benvidos todos aos premios Mestre Mateo, á festa do audiovisual galego. Esperamos que estea sendo do voso agrado. Tamén saudar ós amigos da Academia del Cinema Catalá que hoxe nos acompañan aquí. Bona nit. Benvinguts.

Os Mestre Mateo son unha festa, coma a de calquera vila galega. A festa nunha vila é teoricamente en honra do seu santo patrón, pero todos sabemos que no fondo está dedicada a quen máis o merece: aos habitantes da vila, os que viven nela e os que, por unha razón ou outra, se senten parte dese pobo. A nosa festa é igual. Porque, en realidade, o audiovisual galego somos un pobo, un pobo bastante grande, feito de profesionais, de creadores e, moi especialmente, do público que nos ve. E unha vez ao ano facemos a nosa festa.

Hai moitas razóns para celebrala. Pero este ano entre elas hai unha especial: nunca tantos e tan diversos fomos. Nunca tantas películas e programas fixemos. Pero, sobre todo, seguramente nunca tantos xeitos diferentes de facer cine e televisión se xuntaron coma na colleita do 2008. Historias grandes e historias pequenas, historias para entreter ou para axitar, historias domésticas e exóticas, historias para un público e historias para outro, e para outro... Fixemos de todo. E iso é un tesouro que non debemos perder. Moitas veces temos a tentación de pensar que o audiovisual galego ten que ser desta ou destoutra maneira, ten que tirar por este camiño ou por aquel. E, realmente, non hai mellor cousa cá posibilidade de elixir en función do xeito de camiñar de cadaquén, da súa equipaxe e, sobre todo, do destino ao que queira chegar. No audiovisual hai moitos camiños posibles e non temos por qué renunciar a ningún.

Esta diversidade, tan coidada nos últimos anos, fainos mellores. E pódenos axudar nun tempo en que, malia a festa de hoxe, non estamos para botar foguetes. Os traballadores e traballadoras e as empresas do audiovisual galego notamos a crise, coma tantos

traballadores e traballadoras e empresas doutros ámbitos. Pero abofé que habemos saír adiante, e oxalá este tempo de dificultade sirva para mellorar a solidariedade entre nós e a nosa sensación de pertenza a un colectivo. Así vén de ser nunha reclamación, unánime entre o sector, ante a parálise dun bo feixe de películas, telefilmes e documentais –o traballo de 2.000 persoas- por unha malentendida influencia do devir político no mundo audiovisual. As eleccións ao parlamento galego, a alternancia no poder entre uns partidos políticos e outros, nunca deberan afectar aos ritmos normais de traballo nun sector que, naturalmente, se move por criterios profesionais e artísticos, non partidistas. É un asunto no que, coma sociedade, debéramos reparar.

En fin, seguro que así será. Confiemos en que, de hoxe nun ano, teñamos aínda máis razóns para festexarnos. Que historias de moitos tipos nos sigan contando e sigan contando ao mundo o que vemos. Grazas a todos e todas, grazas a todas as entidades patrocinadoras e colaboradoras por facer posible esta festa e, no meu caso, ata sempre. Sorte.